

# REGULAMENTO DAS MATERIAS ESTANCIAS CLÍNICAS E ESTANCIAS NON CLÍNICAS E NA ADMINISTRACIÓN DO GRAO EN VETERINARIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Preámbulo

Na *Orde ECI/333/2008* do 13 de febreiro (BOE 15/02/2008), pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Veterinaria, indícase que as Prácticas Tuteladas (en adiante PT) son prácticas preprofesionais, en forma de rotatorio clínico independente e cunha avaliación final de competencias, en hospitais veterinarios universitarios, clínicas ambulantes, granxas, plantas piloto, departamentos con dispositivos destinados á docencia práctica no grao de veterinaria, así como estancias en establecementos veterinarios, matadoiros, empresas e organismos externos do ámbito veterinario ou afín.

O Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo *Real decreto* 1791/2010 (BOE 31/12/2010), así como o Estatuto do Estudantado da USC aprobado polo Claustro Universitario o 28/11/2019 recoñecen o dereito dos estudantes de grao a dispoñer da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas e servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan a finalidade formativa das mesmas.

Na Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), contéplase no módulo de Prácticas Tuteladas e Tráballo Fin de Grao o Bloque “Prácticas Tuteladas en Veterinaria” como unha materia obrigatoria de 24 créditos ECTS, distribuída en 3 disciplinas: Rotatorio Clínico Hospitalario (7 ECTS, 175 horas), Estancias Clínicas (9 ECTS, 225 horas) e Estancias non Clínicas e na Administración (8 ECTS, 200 horas), que se cursarán no último semestre do título, cunha presencialidade do/a estudante segundo se determine na nomeada Memoria. Dita información reflectirase na programación docente anual.

A realización das prácticas en empresas ou en entidades públicas ou privadas regularase, ademais de polas normas dos estudos oficiais, polo *Real decreto* 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académica externas dos/as estudantes universitarios/as, polo presente regulamento e polos convenios que se asinen conforme a normativa para a xestión de convenios da USC, así como polas propias convocatorias e demais disposicións xerais de aplicación.

## CAPÍTULO I

### DAS PRÁCTICAS TUTELADAS

#### **Artigo 1. Obxecto**

O presente regulamento establece o proceso de realización das Estancias Clínicas e Non Clínicas e na Administración no Grao en Veterinaria na USC. O Rotatorio Clínico Hospitalario dispón do seu propio regulamento.

#### **Artigo 2. Descrición da materia**

##### 2.1 Estancias Clínicas (EC)

Materia de 9 créditos ECTS que completa a formación práctica de carácter clínico mediante a realización de estadias en clínicas externas (animais de compañía, grandes animais, animais exóticos, núcleos zoolóxicos e animais de renda) ou desenvolvendo actividade investigadora clínica en veterinaria con persoal docente ou investigador.

## 2.2 Estancias Non Clínicas e na Administración (ENCeA)

Materia de 8 créditos ECTS que completa a formación práctica mediante a realización de estadias en granxas de produción de animais, matadoiros, laboratorios de ámbito veterinario e de investigación, empresas diversas do sector veterinario, industrias agroalimentarias, con profesionais dos servizos veterinarios oficiais, ou desenvolvendo actividade investigadora con persoal docente ou investigador.

### **Artigo 3. Requisitos previos e matrícula**

Para poder formalizar a matrícula das EC e ENCeA o alumnado poderá ter pendentes como máximo 81 créditos (entre os que deben estar os correspondentes ao Traballo Fin de Grao) para completar os estudos.

O desenvolvemento das materias das PT realízase a tempo completo, polo tanto será incompatible coa docencia presencial noutras materias do grao, agás as propias materias do bloque das PT e o TFG.

Os/as estudantes deberán ter en conta as recomendacións do plan de estudos en relación coa organización temporal dos estudos para a realización destas materias.

Aqueles estudantes que reúnan os requisitos e pretendan realizar as EC e ENCeA durante o curso académico deberán matricularse nos prazos ordinarios establecidos pola USC para cada curso académico, polas mesmas canles que para calquera outra materia.

## CAPÍTULO II

### DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS TUTELADAS

#### **Artigo 4. Convocatoria, duración e horarios**

##### 4.1 Convocatorias

Programaranse dúas quendas de EC e ENCeA en cada curso académico.

A realización efectiva das materias EC e ENCeA realizarase dentro do período establecido no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da USC. Sen prexuízo do anterior, a Comisión con competencias na materia, o Comité de Prácticas Externas, elaborará a proposta do calendario aplicable a cada curso académico, do que se dará a oportuna publicidade na web da Facultade de Veterinaria.

##### 4.2 Horarios

O horario dos/as estudantes debe adaptarse ao dos profesionais cos que realiza a práctica sendo, en todo caso, a tempo completo.

#### **Artigo 5. Indicación metodolóxica**

A indicación metodolóxica establecerase seguindo o funcionamento e o criterio técnico dos/as profesionais implicados e as programacións académicas das materias (dispoñibles na páxina web da Facultade de Veterinaria) aprobadas polos Consellos de Departamento involucrados nas mesmas e pola Xunta de Facultade para cada curso académico.

#### **Artigo 6. Descrición das materias**

##### 6.1 EC

Para o desenvolvemento desta materia o/a estudante traballará cun/ha veterinario/ capacitado/a legalmente para exercer a profesión no seu país de traballo ou con persoal docente e investigador (PDI) da USC ou de aquelas institucións coas que se teña subscrito o oportuno convenio, os/as que exercerán como tutores/as profesionais.

## 6.2 ENCeA

Para o desenvolvemento desta materia o/a estudante traballará cun/ha veterinario/a capacitado/a legalmente para exercer a profesión no seu país de traballo ou cun PDI da USC ou de aquelas institucións coas que se teña subscrito o oportuno convenio, os/as que exercerán como tutores/as profesionais. Excepcionalmente en ámbitos con especial interese formativo onde a presenza de profesionais veterinarios sexa pouco representativa (acuicultura, certos campos de investigación, laboratorios, etc.) ou multidisciplinar (diferentes ámbitos da produción animal, industrias e administración pública) poderase permitir a titorización por outros titulados superiores unha vez valorada a proposta polo Comité de Prácticas Externas.

## CAPITULO III

### AVALIACIÓN DAS ESTANCIAS CLÍNICAS E ESTANCIAS NON CLÍNICAS E NA ADMINISTRACIÓN

#### **Artigo 7. Memoria das prácticas**

O/a estudante deberá realizar unha memoria das prácticas onde se recolla a actividade desenvolvida, que será avaliada polo titor académico.

O formato e contido mínimo da memoria adaptarase ao establecido na programación académica da materia EC e ENCeA, segundo sexa o caso.

#### **Artigo 8. Sistema de avaliación**

O sistema de avaliación dos estudantes terá que ser reflectido na programación docente da materia e terá que ter en conta a avaliación do titor profesional e do titor académico.

## CAPÍTULO IV

### FIGURAS DOCENTES: FUNCÍONS, DEBERES E OBRIGACÍONS

#### **Artigo 9. Dos/as tutores/as profesionais**

1. Actuarán como tutores/as profesionais das EC e ENCeA o persoal nomeado nos puntos 1 e 2 do artigo 6 do presente regulamento.
2. Os dereitos e obrigas serán os definidos na Cláusula Décima primeira apartados A e B do convenio de colaboración, sen prexuízo de aquelas outras que lles poda encomendar a Comisión con competencias.
3. Realizarán a avaliación individual do estudante, emitindo una cualificación que formará parte da avaliación global da materia.

#### **Artigo 10. Dos/as tutores/as académicos/as**

1. Actuarán como tutores/as académicos/as das EC os/as profesores/as das áreas de Medicina e Cirurxía Animal, Sanidade Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias e, en todo caso, cun perfil afín á actividade que se desenvolve na práctica.
2. Actuarán como tutores/as académicos/as das ENCeA os/as profesores/as de todas as áreas con docencia no Grao en Veterinaria agás das áreas clínicas de Medicina e Cirurxía Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias e, en todo caso, cun perfil afín á actividade que se desenvolve na práctica.

3. O/a titor/a académico/a terá dereito ao recoñecemento efectivo da súa actividade nos termos que estableza o Regulamento de Planificación Académica Anual da USC, aprobado no Acordo de Consello de Goberno do 20-12-2019, modificado por Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2020.
4. Sen prexuízo do establecido na cláusula décimo primeira apartados C e D do Convenio de Colaboración serán dereitos e deberes dos/as titores/as académicos:
  - a. Realizar un seguimento do alumnado e colaborar co coordinador/a da materia na coordinación cos titores profesionais.
  - b. Realizar a avaliación individual do estudante, emitindo unha cualificación que formará parte da avaliación global da materia.
  - c. Informar ao coordinador/a da materia de aspectos relevantes durante o desenvolvemento da actividade, posibles incidencias, e propostas de mellora.
  - d. Participar activamente nas reunións de coordinación e naquelas que estableza o Comité de Prácticas Externas.
  - e. Colaborar na elaboración da Programación Docente e os criterios de avaliación.

#### **Artigo 11. Dos/as coordinadores/as**

1. Os coordinadores ou coordinadoras das materias EC e ENCeA serán nomeados de acordo co disposto no Sistema de Garantía de Calidade do Centro.
2. Un/ha profesor/a con docencia no Grao en Veterinaria nas áreas clínicas de Medicina e Cirurxía Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias será o coordinador/a da materia Estancias Clínicas.
3. Un/ha profesor/a de todas as áreas con docencia no Grao en Veterinaria agás das áreas clínicas de Medicina e Cirurxía Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias será o coordinador/a da materia Estancias Non Clínicas e na Administración.
4. O coordinador/a terá dereito ao recoñecemento efectivo da súa actividade nos termos que estableza o Regulamento de Planificación Académica da USC, aprobado no Acordo de Consello de Goberno do 20-12-2019, modificado por Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2020.
5. Son funcións propias dos/as coordinadores/as:
  - a. Manter un contacto fluído cos titores profesionais e académicos e coordinalos. Distribuír aos estudantes en colaboración cos titores académicos, seguindo os criterios establecidos polo Comité de Prácticas Externas, e realizar o seguimento do correcto desenvolvemento das actividades (incluíndo a avaliación por parte do titor profesional). Este reparto seguirá a distribución de carga docente aprobada polos Departamentos que participen na materia.
  - b. Cubrir e asinar as actas correspondentes.
  - c. Elaborar a programación docente e os criterios de avaliación en colaboración cos/as titores/as académicos.
  - d. Participar activamente no Comité de Prácticas Externas.
  - e. Informar o/a Vicedecano/a responsable das Prácticas Externas do Centro das cuestións relevantes durante a realización da actividade, posibles incidencias e propostas de mellora.

## **CAPÍTULO V**

### **DO COMITÉ DE PRÁCTICAS EXTERNAS DA FACULTADE DE VETERINARIA**

#### **Artigo 12. Composición**

O Comité de Prácticas Externas da Facultade de Veterinaria terá a composición que estableza a Xunta da Facultade de Veterinaria e será o órgano encargado da aplicación do presente Regulamento.

#### **Artigo 13. Funcións a desenvolver en relación coas materias EC e ENCeA**

- a) Planificar as necesidades de prácticas do alumnado da Facultade de Veterinaria no ámbito das EC e das ENCeA.
- b) Supervisar o procedemento de xestión das prácticas tuteladas.

- c) Establecer e aplicar criterios obxectivos na distribución de estudantes entre os titores académicos e na asignación das prazas para a realización das EC e ENCeA.
- d) Resolver os conflitos que se produzan entre o alumnado e as Entidades Colaboradoras.
- e) Informar sobre as reclamacións que podan xurdir en cada convocatoria.
- f) Revisar os regulamentos e propoñer as modificacións necesarias.
- g) Organizar e supervisar a información exposta na páxina web do centro.
- h) Realizar anualmente unha valoración dos convenios establecidos coas Entidades Colaboradoras e do funcionamento da materia, co fin de garantir a adecuación das EC e ENCeA ás necesidades formativas dos estudantes e propoñer accións de mellora.

**Disposición Adicional Primeira:**

Corresponderá á Comisión de Título, a proposta do Comité de Prácticas Externas, o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

**Disposición Adicional Segunda:**

En todo o non disposto no presente Regulamento aplicarásese o estipulado na Memoria do Título de Grao en Veterinaria, na normativa da USC e na Lexislación Xeral Universitaria vixente.

**Disposición Derrogatoria**

Queda derrogado o Regulamento de EC e ENCeA aprobados en Xunta de Facultade do 15/05/2014 e a modificación do 7/11/2014.

**Disposición Derradeira**

O presente Regulamento entrará en vigor no curso académico 22-23.